

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL



Sara Fernández Rey, Secretaria do CEIP Vicente Otero Valcárcel, **CERTIFICO:**

Que este documento foi aprobado pola Directora e ratificado polo Consello Escolar na reunión celebrada o día 29 de abril de 2019.

Para que así conste expido e firmo a presente en Carral, a 30 de abril de 2019.

Vº e P.

A Secretaria

Sara Fernández Rey



A Directora

Ma del Mar Domínguez Pacheco

ÍNDICE

1. MARCO LEXISLATIVO
2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO .
 - 2.1. Datos xerais
 - 2.2. Situación xurídica
3. ANÁLISE DE CONTORNO ESCOLAR
 - 3.1. Características xeográfica e socioculturais
 - 3.2. A estrutura do centro
 - 3.3. Espazos docentes
 - 3.4. Recursos materiais.
 - 3.5. Centros adscritos .
 - 3.6. Horario do centro.
 - 3.7. Servizos complementarios.
4. NOTAS IDENTIFICATIVAS DO NOSO CENTRO
 - 4.1. Oferta educativa
 - 4.2. A lingua no noso centro
 - 4.3. Liñas xerais de atención á diversidade
5. OBXECTIVOS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO
 - 5.1. Obxectivos xerais
 - 5.1.1. Ámbito pedagóxico
 - 5.1.2. Ámbito da normalización lingüística
 - 5.1.3. Ámbito do profesorado
 - 5.1.4. Ámbito administrativo
 - 5.1.5. Ámbito institucional

5.2. Obxectivos para cada nivel educativo

5.2.1. Educación infantil.

5.2.2. Educación primaria.

6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

6.1. Principios de organización do centro.

6.2. Órganos de goberno.

A- Unipersoais.

B- Colexiados.

6.3. Órganos de coordinación docente.

6.3.1. Equipos de interniveis.

6.3.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica.

6.3.3. Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

6.3.4. Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

6.3.5. Equipo de Dinamización da Biblioteca.

6.3.6. Equipo TIC´s.

6.3.7. Departamento de Orientación.

6.3.8. Equipos docentes de nivel.

6.3.9. Titores.

6.4. O alumnado

6.5. O ANPA.

6.6. O persoal non docente.

ANEXOS

ANEXO I: Normas de Organización e Funcionamento

ANEXO II: Addenda ao Proxecto Lingüístico do Centro

ANEXO III: Proxecto Lector.

ANEXO IV: Plan Xeral de Atención á Diversidade

ANEXO V: Plan de Convivencia

ANEXO VI: Plan de Introducción das Tics

ANEXO VII: Protocolo de funcionamento do servizo do comedor escolar

1. MARCO LEXISLATIVO

O proxecto educativo do CEIP Vicente Otero Valcárcel ten unha base legal que o regula. O centro segue tamén uns principios legais que define a súa propia ideoloxía.

Así, a ideoloxía propia do centro segue os principios de:

- A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948.
- A Constitución Española de 1978.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.

Os aspectos educativos están regulados por:

- A Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- A Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio (LOE), que está en vigor actualmente en España.
- A Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación 8/1985 (LODE)

O funcionamento deste CEIP está regulado polo:

- Orde do 3 de outubro de 2000 polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999.
- Decreto 374/1996 del 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Orden do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan a Organización e funcionamento das escalas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria.
- Instrución conxunta do 9/2017 da Secretaria Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos.

Os requisitos mínimos das instalacións do centro están regulados polo:

- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

A nivel curricular, actualmente están en vigor para as 2 etapas educativas impartidas neste centro os seguintes Decretos:

- Decreto 330/2009 para educación infantil.

- Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos no:

- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A Dinamización da Lingua Galega está regulada polo:

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de admisión de alumnado esta regulada por: Decreto 254/2012 do 13 de decembro.

En canto ao funcionamento do comedor escolar está regulado por:

- Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro.
- Orde do 13 de xuño de 2008 que modifica a orde do 21 de febreiro de 2007.
- Decreto 374/2009, do 6 de agosto, modificado polo Decreto 439/2009 do 11 de setembro.
- Instrucións 8/2017 do 30 de maio de 2017, conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centro e Recursos Humanos, pola que se regulan as funcións a desenvolver polos coidadores de NEES nos comedores escolares existentes nos centros de ensino público.
- Instrucións da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, que regulan o funcionamento de determinados aspectos relacionados co funcionamento do comedor escolar e que son renovadas cada curso escolar.

A administración dos recursos económicos do centro está regulada por:

- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios.

Os protocolos de actuación en cuestións administrativas teñen que ser coherentes coa lei que os regulan para as administracións públicas.

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

- Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a anterior.

Para todos os funcionarios públicos:

- Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da lei de función pública de Galicia.(DOG 13-6-2008).

- Lei 2/2009, do 23 de xuño, que modifica a anterior (DOG 24-6-2009)

A información e a relación coa cidadanía e a comunidade educativa, a través da páxina web do centro, páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e AbalarMóbil, dacordo coa regulación:

- Ley 39/2015, de 1 de octubre, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os protocolos de actuacións para a convivencia escolar.

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020
 - Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero
 - Protocolo de Protección de datos
 - Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia
 - Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
 - Protocolo de Atención educativa domiciliaria
 - Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica
 - Addenda de Diabete
 - Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015
 - Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015
 - Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020
 - Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
 - Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Transtorno do Espectro do Autismo TEA.
 - Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

- Protocolo para a atención educativa do alumnado con síndrome de Down e-ou discapacidade intelectual.

- Protocolo de Coordinación e Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temprá.

2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

2.1. Datos xerais

CEIP Vicente Otero Valcárcel	
Teléfono	881 880 446
Fax	881 880 453
Código postal	15175
Código do centro	15032959
C.I.F.	Q-6555008-I
Enderezo	R/ Alcade Juan Seijas s/n
Localidade	Carral - A Coruña
Enderezo electrónico	ceip.vicente.otero@edu.xunta.es
Web	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvicenteotero

2.2. Situación xurídica

Tipo de centro: Centro Educación Infantil e Primaria segundo recolle o Decreto 49/2015, do 26 de marzo, no que se transforma o centro público integrado Vicente Otero Valcárcel en colexio de Educación Infantil e Primaria e se crea un instituto de Ed. Secundaria, ambos os dous no Concello de Carral.

Titularidade: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.

3. ANÁLISE DE CONTORNO ESCOLAR

3.1. Características xeográficas e socioculturais

O concello de Carral, segundo os últimos datos do Instituto Galego de Estatísticas (IGE), conta con 6123 habitantes. Outros datos demográficos importantes do concello son os seguintes:

ESTRUTURA DA POBOACIÓN (ano 2013)		
	Total	Homes
De 0 a 15 anos	800	402
De 16 a 64 anos	3.921	2.010
De 65 e máis anos	1.402	604
Poboación estranxeira	174	92
Idade media	45,2	44

INDICADORES DEMOGRÁFICOS (ano 2013)
Taxa bruta de natalidade
Taxa bruta de mortalidade
Índice de avellentamento
Idade media á maternidade
Nº medio de fillos por muller

No referente á actividade económica, podemos afirmar que predomina o sector terciario, tanto no referido ao número de traballadores como a número de empresas dedicadas a este tipo de actividades. Os últimos datos do IGE (2014) son os seguintes:

Sector económico	Ocupados	Desempregados
Agricultura, gandería e pesca	157	12
Industria	490	95

Construcción	259	85
Servizos	1585	241

Empresa por actividade	Nº empresas
Industria	60
Construcción	107
Servizos	303

3.2. A estrutura do centro

O CEIP Vicente Otero Valcárcel na actualidade acolle arredor 445 alumnos e alumnas procedentes das parroquias que conforman o concello de Carral: Tabeaio, Sergude, Cañás, San Vicente de Vigo, Paleo, Quembre, Sumio e Beira; e da parroquia de Sarandóns, pertencente ao concello de Abegondo.

- O edificio foi inaugurado no ano 1973 como “Colexio Público Comarcal”, pasando posteriormente a ser “Colexio Público de E.X.B.” e sufrindo unha profunda remodelación entre os anos 1999 e 2000 para adaptalo ás novas necesidades ao pasar a ser un “Centro Público Integrado”. Debido á falta de espazo instalouse unha aula prefabricada a carón das vivendas de mestres para impartir E. Infantil no curso 2007-2008 a cal recentemente foi retirada.

- No curso 2015-16 comezou como CEIP compartindo aínda espazos co centro Victor Velasco. No curso actual todas as aulas do centro atópanse ubicadas no mesmo edificio da rúa Alcalde Juan Seijas s/n.

- O curso 2016-17 comezouse co novo horario de xornada continua polo que o horario de centro organízase do seguinte xeito:

De luns a xoves de 09:20 a 14:35 horas.

Os venres de 09:20 a 13:20 horas.

3.3. Espazos docentes:

AULAS / DEPARTAMENTOS
EDUCACIÓN INFANTIL

EDUCACIÓN PRIMARIA
ORIENTACIÓN
PT
AL
EDUCACIÓN FÍSICA
BIBLIOTECA
RELIXIÓN CATÓLICA
LINGUA ESTRANXEIRA
MÚSICA
COMEDOR
AULA DE INFORMÁTICA

Na Programación Xeral Anual especificarase, ao comenzo de cada curso, os profesores/as responsables destes recursos, os cales disporán de tempo específico de dedicación dentro do horario persoal e co fin de rentabilizar a utilización tanto dos espazos como dos materiais de forma que se beneficie toda a comunidade educativa.

Así mesmo o uso dos diferentes espazos e dependencias do centro dentro do horario lectivo regularase na PXA de acordo coas directrices que se marquen. E o uso dos diferentes espazos e dependencias do centro fora do horario lectivo, tanto para alumnado do centro como para calquera persoa ou institución, fixarao a dirección do centro de acordo coas atribucións que a lexislación vixente estableza, unha vez coñecida a actividade a duración da mesma e a persoa adulta responsable da mesma.

3.4. Recursos materiais:

- Proxector e ordenador en cada unha das aulas.
- Fotocopiadoras e impresoras en diferentes zonas comúns.
- Pantallas dixitais en varias aulas.
- Zona de Biblioteca con equipamentos informáticos, ademais de todo o fondo bibliográfico existente, para lectura e para consulta.
- Pavillón e aula de psicomotricidade con diversos recursos.
 - Equipos de son.

- 10 tabletas repartidas polas diferentes especialidades e equipos.
- Robots de diferentes modelos.
- Impresora 3D.

3.5. Centros adscritos.

Ao noso centro está adscrito o CEIP de Tabeaio, do cal nos chega o alumnado en 3º de Educación Primaria. Asimesmo, o noso centro, está adscrito ao IES de Carral .

3.6. Horario do centro.

O conserxe abrirá, todos os días lectivos, as portas de acceso ao recinto exterior do centro ás 8:45 horas. O centro será pechado polas encargadas da limpeza.

O profesorado que realice garda de alumnado transportado fará as gardas de entrada de 09:00 - 09:20 e a de saída de 16:30 - 16:45 os luns , de 15:30 a 15:45 de martes a xoves e de 13:20 - 13:35 os venres.

O horario lectivo do centro será o seguinte:

- De 9:20 a 14,35 os luns, martes, mércores e xoves.
- De 9,20 a 13:20 os venres.
- O alumnado de Educación Infantil fará a súa saída 5 minutos antes, ás 14,30 (l, m, mer, x) e 13:15 os venres, para que non se faga de forma atropelada co alumnado de primaria.

O alumnado que emprega o transporte escolar fará a entrada a partir das 9:05 horas.

Para o resto do alumnado a porta abrirase con 5 minutos de antelación

O horario de Administración de atención ao público será todos os días de 09,30-11,30 e os luns tamén de 15,30-17,30.

O centro permanecerá aberto a disposición da comunidade educativa no seguinte horario:

- De 7:30 a 9:20 horas de luns a venres polo servizo de Madrugadores e os venres de 13:20 a 16:00 polo servizo de Venres ventevindo que presta o Concello, previa aprobación da autorización da Inspección educativa.
- Para a realización de Actividades Extraescolares do Concello e do propio centro, de 15,30-17,30 de luns a xoves .

• Para ANPA, sindicatos, asociacións culturais, etc. sempre que se solicite coa debida antelación.

❖ Distribución horario lectivo:

EDUCACIÓN INFANTIL e PRIMARIA (luns- xoves)
1ª Sesión
2ª Sesión
3ª Sesión
RECREO
4ª Sesión
5ª Sesión
6ª Sesión

EDUCACIÓN INFANTIL e PRIMARIA (venres)
1ª Sesión
2ª Sesión
RECREO
3ª Sesión
4ª Sesión

A hora de lectura será os luns, martes, mércores e xoves, de 12:20 a 12:50 horas. Os venres será de 11:30 a 12:00.

3.7. Servizos complementarios

A) Transporte escolar

O transporte escolar poderá ser empregado por aqueles alumnos da área de influencia do centro que teñan dereito a dito servizo.

A empresa encargada de prestar o servizo é AutopullmansTravidi SL. Funcionan seis liñas que fan rutas diferentes.

Os itinerarios son os seguintes:

Liña nº 1: Ruta Bailía-Cañás – CEIP Vicente Otero Valcárcel.

Liña nº 2: Ruta Os Capelos – CEIP Vicente Otero Valcárcel.

Liña nº 3: Ruta Ardexurxo 1 - CEIP Vicente Otero Valcárcel.

Liña nº 4: Ruta As Cabancas – CEIP Vicente Otero Valcárcel.

Liña nº 5: Ruta Herves - CEIP Vicente Otero Valcárcel.

Liña nº 6: Ruta Coiro - CEIP Vicente Otero Valcárcel.

B) Comedor escolar

A organización e o funcionamento do comedor axéitase ás ordes e instrucións ditadas pola Xunta de Galicia para os comedores de xestión directa. Ao inicio de cada curso escolar será actualizado, segundo a normativa vixente, o Protocolo de Funcionamento do Comedor Escolar.

O servizo de comedor ofrécese de luns a xoves en horario de 14:35 a 15:30.

Coa implantación da xornada continua no centro, o comedor organizarase nunha soa quenda para o cal habilitáronse dous comedores.

C) Actividades extraescolares impartidas polo Concello tanto deportivas como culturais.

O Concello de Carral presenta anualmente un conxunto de actividades culturais e deportivas que se celebran nas propias instalacións do centro e noutras próximas ao recinto escolar.

A oferta de actividades comezará a partir das 15:30 / 16:30.

- ✓ Fútbol Sala
- ✓ Judo
- ✓ Ximnasia Rítmica
- ✓ Patinaxe
- ✓ Debuxo e pintura
- ✓ Aprender a aprender
- ✓ Informática

D) Servizo de “Madrugadores” en horario de 7:30 a 9:20 horas , todos os días da semana, e Servizo de “Ventevindo” en horario de 13:20 a 16:00 horas os venres. Os dúos atendidos polo Concello.

E) Actividades extraescolares ofertadas polo centro: son Biblioteca ou estudo de luns a venres; Club de Ciencia, os martes.

4. NOTAS IDENTIFICATIVAS DO NOSO CENTRO.

Seguimos os principios de:

- Actividade: cada persoa é protagonista da súa aprendizaxe e construtora do seu coñecemento.
- Socialización: buscando a cooperación e o traballo en común.
- Partir da realidade, das experiencias e dos esquemas mentais do alumno/a.
- Respecto ao ritmo e ao estilo de aprendizaxe individual.
- Flexibilidade e apertura a outras metodoloxías.
- Tempo para as actividades de reforzo.

4.1. OFERTA EDUCATIVA

No Centro impártense as seguintes ensinanzas de réxime xeral:

- De carácter voluntario:
 - 2º ciclo de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos).
- Educación obrigatoria:
 - De 1º a 6º de Educación Primaria.

Deseñaranse os horarios de xeito que os tempos de recreo non coincidan e de forma que o alumnado de E. Infantil e E. Primaria reciba as 25 horas semanais de docencia.

- Nos cursos de 4º de Ed. Primaria, impártese a Materia de libre configuración de “Xogos e danzas”, e en 6º de Ed. Primaria, “Programación con Scratch”.
- Nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria contamos con ordenadores Abalar.

- Para o curso 2019-2020 solicitarase á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, participar no Programa E-Dixgal para o nivel 5º de Educación Primaria.

4.2. A LINGUA NO NOSO CENTRO.

O Proxecto Lingüístico do CEIP Vicente Otero Valcárcel realízase ao abeiro do Artigo 14ª do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Foi probado polo Consello escolar.

Cada ano académico elaborárase unha addenda a este proxecto.

❖ Lingua das distintas materias

Educación Infantil

A lingua que se empregará nesta etapa será determinada pola enquisa feita aos pais/nais ou titores do alumnado de 3 anos antes do comezo do curso acerca da lingua materna do seu fillo ou filla, tal e como establece o Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 5.2.

Educación Primaria

Tal e como establece o Decreto de Plurilingüismo as materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

Resto de materias:

- En galego: Ciencias Naturais e Ciencias sociais, Educación artística e Educación Física e Materias de libre configuración (en 4º e 6º de EP).
- En castelán: Matemáticas, Relixión, Valores sociais e cívicos.

❖ Medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir de xeito notable na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, segundo as cifras que proporcionan os distintos indicadores obxectivos. A poboación inmigrante está experimentando na actualidade un notable e ininterrompido incremento, sendo

Galicia a primeira Comunidade Autónoma receptora de inmigrantes de nacionalidade española. Este proceso de inmigración abre un panorama novo para a nosa fotografía humana: situacións persoais diferentes, relixións e culturas diversas, linguas que se multiplican no noso territorio. A riqueza que lle achega a Galicia o fenómeno inmigratorio supón, ao mesmo tempo, unha adaptación mutua e un esforzo de acollida pola nosa parte, que lle debe facilitar a integración á persoa que chega, especialmente cando o fai nunha situación de precariedade.

Para que os inmigrantes aprendan o noso idioma e o utilicen na súa vida diaria, é imprescindible unha cooperación por parte de todos; do contrario, dificilmente poderán lograr bos resultados.

No noso centro a maioría dos inmigrantes son de lingua castelá, procedentes doutras comunidades autónomas españolas ou ben de Sudamérica. Isto facilita a súa aprendizaxe do galego, por seren dúas linguas latinas. Ademais, son un número aínda moi reducido de alumnos, o que facilita que teñan unha atención máis individualizada. Os que teñen como lingua de orixe o portugués serán moi beneficiosos para propiciarmos actitudes de prestixio e positivas cara ao galego.

Medidas a tomar:

- Teremos toda a documentación do centro en galego, con tradución ás linguas de orixe dos inmigrantes.
- Realizaremos unha avaliación lingüística inicial, que nos permitirá tomar as decisións de tipo curricular ou organizativo que consideremos oportunas.
- Faremos reforzos lingüísticos, a ser posible dentro da propia aula, naquelas materias nas que o galego é a lingua vehicular.

❖ **Fomento da lingua galega**

Cómpre partir do feito de que a dinamización lingüística non é unha cuestión que afecte unicamente ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega, senón que é un tema no que debe participar toda a comunidade educativa, desde o profesorado, a ANPA, o concello, o alumnado, persoal non docente..., en definitiva toda a sociedade do concello.

Por esta razón, este proxecto parte da análise da realidade sociolingüística do Concello de Carral para, a partir de aí, propoñer obxectivos e medidas que

favorezan unha maior presenza do galego como lingua de uso normal no noso concello e por ende no noso colexio e viceversa.

É imprescindible implicar a totalidade de estamentos que forman parte da comunidade educativa: profesorado, alumnado, pais e nais, asociacións cidadás, veciñas e veciños, corporación municipal, etc.

❖ **Presenza do galego no centro- ámbito non docente**

- **Persoal non docente:** Exprésase oralmente e por escrito en galego, así como na atención ao público: documentación, avisos, menú do comedor, etc.
- **Servizos que lle oferta o centro:** Transporte e comedor convinan as dúas linguas oficiais.

4.3. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado define medidas de atención á diversidade “aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”.

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, que figura como anexo deste documento. Como norma xeral se adoptarán como primeira opción as medidas ordinarias e, unha vez esgotadas estas, levaranse a cabo as extraordinarias.

Para a **toma de decisións** sobre estas medidas seguirase o seguinte proceso:

- Realizar por parte do equipo docente a proposta de intervención na avaliación na que se requira.
- O titor/a e/ou orientador/a aportarán nas sesións de avaliación inicial información relevante ao proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, para poder concretar as propostas referentes a:
 - Alumnado proposto a recibir apoio de nivel.
 - Alumnado que requirirá da intervención do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, ao inicio do curso (apoiado educativo).

- Alumnado que requirirá Adaptación Curricular.

Teranse en conta, tanto nestas reunións como na sesión de avaliación inicial, os informes persoais de curso e/ou etapa anterior.

Na sesión de avaliación do segundo trimestre, farase unha proposta provisional para que sexa concretada e confirmada na sesión de avaliación do terceiro trimestre, daquel alumnado que non promocióne ao seguinte nivel.

Para os programas de reforzo para o alumnado repetidor ou alumnado con materias pendentes de cursos anteriores teranse en conta todas as medidas de atención á diversidade que se propoñen.

5. OBXECTIVOS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO.

- Neste Centro apostamos por unha educación de calidade, que se estrutura sobre os catro piares básicos da aprendizaxe:
 - Aprender a coñecer, para adquirir os instrumentos da comprensión.
 - Aprender a facer, para poder influír sobre o contorno.
 - Aprender a vivir xuntos, para participar e cooperar cos demais en todas as actividades humanas.
 - Aprender a ser, proceso fundamental que recolle os anteriores, e descubrir o que hai dentro de cada un.
- Cremos nos valores democráticos e na efectividade do traballo en equipo, polo que buscamos a implicación de pais/nais e profesores/as, sen esquecermonos do noso contorno específico, para aplicarmos todas as estratexias necesarias no proceso educacional do noso alumnado.
- Impulsamos valores como responsabilidade, autonomía, respecto aos demais, respecto ao medio, sensibilidade e espírito crítico.
- Porque educamos para o futuro, somos conscientes da realidade cambiante e dos axustes á mesma que se lle esixe á educación, polo que o noso sistema é flexible e sometido a avaliación continua; ademais, coidamos a formación permanente do noso profesorado a través de programas adecuados ás necesidades que se susciten.
- Buscamos a igualdade de oportunidades, polo que atendemos á diversidade, sendo conscientes de que non todos os alumnos/as teñen as mesmas capacidades nin actitudes. Tentamos favorecer sempre o

desenvolvemento íntegro de calquera alumno/a nos seus aspectos intelectual, físico e afectivo-social, especialmente no caso do alumnado con necesidades educativas especiais.

- Ao abeiro do Artigo 14^a do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a lingua que se empregará na Educación Infantil será determinada pola enquisa feita aos pais/nais ou titores do alumnado de 3 anos antes do comezo do curso acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

De igual maneira, consideramos importante transmitir a lingua do contorno e impulsar medidas que favorezan a aprendizaxe da lingua galega, para que acaden igual competencia en ambas linguas ao acabaren o ensino obrigatorio.

5.1. Obxectivos xerais

5.1.1. Ámbito pedagóxico

- Desenvolver os aspectos dunha educación integral: razoamento, desenvolvemento físico, afectividade, sensibilidade, autoestima, actitude crítica, respecto e relación cos demais.
- Partir das experiencias do contorno inmediato que axuden ao alumnado a construír o seu coñecemento da realidade física e social.
- Desenvolver a capacidade necesaria para recabar información, saber seleccionala, organizala, tomar decisións e presentar alternativas.
- Ensinar a aprender dun xeito significativo e facer fincapé nas técnicas e hábitos de estudo.
- Fomentar un clima de traballo que anime ao estudo, estimule o interese, provoque a pregunta e impulse unha tarefa colectiva co esforzo por adquirir o coñecemento, valorando o saber máis, pero tamén o saber mellor.
- Equilibrar a importancia entre procedementos, actitudes, valores, conceptos e contidos.
- Potenciar hábitos de conduta positivos, respecto ás distintas opinións e á diversidade; e fomentar actitudes solidarias para a paz e a non violencia.

- Educar aos alumnos na responsabilidade persoal dos seus actos e na corresponsabilidade das tarefas colectivas, traballo colaborativo e cooperativo.
- Fomentar o tratamento dos temas transversais: educación para a saúde, Educación Medio Ambiental, Educación vial, Educación para o consumo responsable, Educación para a Paz como parte integrante da nosa actividade diaria.
- Propiciar un tratamento de apoio individual, personalizado, concreto e adaptado ao ritmo de traballo do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Segundo a lexislación vixente e a evolución da sociedade actual, traballarase nas aulas basándose no desenvolvemento das competencias clave.
- Os libros de texto servirán como guía de traballo, e tal como esixe unha sociedade moderna, o traballo colaborativo e as tarefas integradas formarán parte da metodoloxía do traballo docente habitual.
- As tarefas extraescolares axustaranse aos criterios aprobados na CCP, os cales se basan na lexislación vixente.
- Facilitarase a todo o equipo docente, os medios e apoio necesarios para o desenvolvemento de proxectos, tanto formativos para o profesorado como metodoloxía de traballo na aula.
- Desde a dirección do centro, fomentarse o traballo colaborativo por parte de todo o colexio.
- En relación co punto anterior, a Biblioteca propondrá temas de interese común e anual ao claustro o cal debatirá e elixirá un tema entornado ao cal desenvolveranse diversas actividades desde as aulas.
- Impulsaranse actividades lúdico-formativas en todos os niveis, dando a coñecer e disfrutar dos recursos didácticos novedosos e recomendados por especialistas en educación.
- Teranse en conta as diferentes correntes pedagóxicas actuais para integralas no centro segundo se vaian necesitando.
- Fomentaranse as vocacións nas áreas STEM como recomenda a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

5.1.2. Ámbito da normalización lingüística

- Activar accións e dinámicas cara á mellora das actitudes da comunidade educativa respecto á lingua galega.
- Galeguización dos usos escritos no Centro (comunicacións externas e internas, documentación, material didáctico, impresos, etc.).
- Propoñer actividades que melloren as actitudes lingüísticas da comunidade escolar que potencien o uso do galego en todos os contextos: campañas publicitarias, conferencias, coloquios, prensa escolar, teatro, actividades deportivas, etc.
- Promover o incremento no uso oral e escrito por parte dos membros da comunidade educativa, incidindo:
 - Na especial responsabilidade do profesorado no proceso de dignificación da lingua, como modelo lingüístico diario de referencia do alumnado.
- Establecer accións de normalización que fomenten a autoestima cara á lingua galega dos pais e nais –especialmente os galego-falantes- co obxectivo de evitar a negación da propia lingua na transmisión aos fillos e fillas.
- Colaborar co Equipo de Dinamización da Lingua Galega no desenvolvemento das súas accións de animación lingüística.
- Presentar actitudes e accións xerais favorables ao desenvolvemento e ao progreso educativo do ensino en galego que fagan da galeguización un sinal de identidade e calidade educativa do Centro.

5.1.3. Ámbito do profesorado

- Propiciar a innovación pedagóxica do profesorado. Para iso levaranse a cabo as seguintes medidas:
 - Desenvolver o Plan TICs.
 - Fomentar a posible participación en proxectos de formación en centros ou outros promovidos polo CAFI, polo CFR ou por outras institucións educativas.
 - Apoiar todas as propostas de formación, innovación e experimentación que partan do profesorado cara a mellorar da súa eficiencia docente.
- Fomentar a participación do profesorado nas decisións do centro a través do Claustro e dos órganos de coordinación.

5.1.4. Ámbito administrativo

- Realizar unha xestión económica eficaz e transparente.
- Promover un sistema de comunicación áxil e eficaz entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Facilitar os trámites administrativos que se realizan no centro.
- Facilita o acceso aos diferentes documentos oficiais do centro, a través da páxina web.

5.1.5. Ámbito institucional

- Manter os contactos coa administración educativa, fundamentalmente coa inspección, para que coñeza puntualmente as necesidades que vaian xurdindo.
- Propiciar actuacións destinadas ao mantemento das instalacións en bo estado, reparando e corrixindo deficiencias.
- Fomentar a participación e a colaboración de todos os organismos e membros que compoñen esta comunidade escolar para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos. Para iso estableceranse as seguintes medidas:

– Tentarase implicar ás familias na marcha académica dos seus fillos, establecendo unha periodicidade para as entrevistas das familias cos titores dos alumnos e alumnas, incidindo particularmente no seguimento dos que presentan problemas de rendemento ou conduta, e acordando actuacións para superar estas dificultades.

- Tentarase facer reunións periódicas coa directiva da ANPA.
- Potenciaranse as relacións do centro coas outras institucións da zona.
- Procurarase manter reunións periódicas cos demais centros da zona co fin de levar a cabo a coordinación necesaria.
- Participarase sempre que sexa posible, nas actividades propostas polas diferentes Concellerías como Deportes, Educación e Servizos Sociais, Cultura, Medio Ambiente...

5.2. Obxectivos para cada nivel educativo

5.2.1. Educación Infantil

Ademais dos recollidos na normativa vixente, serán obxectivos para a Educación Infantil os seguintes:

- Promover un clima de afecto e acollida.
- Coñecer e controlar o propio corpo, tendo en conta as capacidades e limitacións de acción e expresión, mostrando unha actitude positiva polo seu coidado e hixiene, e a consolidación de hábitos básicos de saúde e benestar.
- Fomentar hábitos de alimentación saudables.
- Valerse por si mesmo nas actividades escolares, amosando un nivel de autonomía, autoconfianza e seguridade axustado ás propias posibilidades reais, e aprender a pedir axuda se é necesaria.
- Observar e explorar o contorno físico natural máis inmediato, identificando os elementos máis sobresaíntes que o compoñen e amosando unha actitude de curiosidade e coidado cara ao mesmo.
- Iniciarse na capacidade de escoita e respecto ás opinións dos demais compañeiros.

5.2.2. Educación Primaria

Ademais dos recollidos na normativa vixente, serán obxectivos para a Educación Primaria os seguintes:

- Actuar e desenvolverse con autonomía nas actividades cotiás e nas relacións cos grupos sociais máis próximos, desenvolvendo a autoestima e os lazos afectivos.
- Aprender a aplicar o pensamento lóxico e a propia capacidade creativa, e saber utilizar os coñecementos para solucionar problemas cotiás.
- Empregar e coñecer as tecnoloxías e usalas cunha actitude respectuosa cara os demais.
- Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do contorno social e natural, contribuíndo á defensa, conservación e mellora do medio ambiente.
- Coñecer e apreciar o propio corpo, fomentando hábitos de saúde e benestar.
- Fomentar hábitos de alimentación saudables.
- Comunicar as súas opinións e sentimentos e saber escoitar aos demais.

- Comprender, respectar e construír normas de convivencia que regulen a vida educativa potenciando a responsabilidade.
- Empregar e coñecer as tecnoloxías e usalas cunha actitude respectosa cara os demais.
- Fomentaranse actitudes críticas e democráticas, así como unha educación científica útil para desenvolverse na sociedade actual.

6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

6.1. Principios de organización do centro

Consideramos a estrutura organizativa como o camiño para conseguir os obxectivos do Proxecto, facilitar tarefas e ordenar os recursos.

É función de cada un dos órganos de goberno e de coordinación docente o acordo sobre o calendario de reunións, por iso será a Comisión de Coordinación Pedagóxica, a instancia de Xefatura de Estudos, a que propoña ao Claustro as datas de reunións ao longo do curso escolar coma tamén o calendario de avaliacións, tanto de Educación Infantil coma de Educación Primaria. Polo tanto, estas datas serán consensuadas e obrigatorias.

6.2. Órganos de goberno

A) Unipersoais

- Director/a.
- Xefe/a de Estudos.
- Secretario/a.

Terán como mínimo unha hora á semana de reunión para coordinación e organización.

As competencias dos órganos unipersoais de goberno serán as recollidas en:

- Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG 21/10/96)
- Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02/09/97)
- Orde do 28 de xuño de 2010 (DOG 06/07/10)
- Circular 6/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación

Educativa.

B) Colexiados

- Claustro de profesores: formado por todos os profesores/as do Centro. Reunirase unha vez ao trimestre e todas as veces que se considere necesario.

- Consello Escolar: formado polo Director/a, Xefe/a de Estudos, un representante do Concello, un representante do persoal non docente, 5 representantes do profesorado, 4 pais/nais, 1 representante da ANPA e o Secretario/a, que actuará con voz pero sen voto.

Estes órganos reunirase, ao menos, unha vez ao trimestre e todas as veces que se considere necesario.

As competencias dos órganos colexiados de goberno serán as recollidas en:

- Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG 21/10/96)
- Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02/09/97)
- Orde do 28 de xuño de 2010 (DOG 06/07/10)
- Circular 6/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

6.3. Órganos de coordinación docente

6.3.1. Equipos de interniveis

Os mestres de educación primaria constituirán equipos denominadas de internivel (1º, 2º e 3º, antes chamados ciclos) que agruparán a todos os mestres que impartan docencia nel.

Reuniranse, como mínimo, unha vez ao mes e cada vez que se considere necesario.

Elixirase un coordinador por cada dous niveis consecutivos.

6.3.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica

Formada por:

- Director/a
- Xefe/a de estudos.
- Orientador/a.
- Coordinador/a do equipo de dinamización e normalización da lingua galega.
- Coordinador/a do equipo de biblioteca.
- Coordinador/a Tics.

- Coordinador/a de Actividades extraescolares.
- Profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais
- Coordinadores de internivel.
- Cando se de o caso, o/a coordinador/a de formación do profesorado.

Reunirase como mínimo unha vez ao mes e tantas outras se considere necesario. Realizarase unha sesión extraordinaria ao comenzo do curso e outra ao finalizar este.

6.3.3. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Estará formado por:

- Profesorado de E. Primaria.
- Profesorado de E. Infantil.
- Un coordinador.

Poderase incorporar ao traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

Reunirase como mínimo unha vez ao mes e sempre que se considere necesario.

6.3.4. Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias

Estará integrado polo coordinador/a e profesorado dos diferentes niveis deste equipo. Para cada curso académico elaborarán o plan de actividades extraescolares e complementarias.

6.3.5. Equipo de dinamización da Biblioteca.

Estará formado por un/unha coordinador/a e, no caso de ser posible, por representantes do profesorado de Infantil e Primaria. Integrados no PLAMBE.

Establecerán as liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar.

6.3.6. Equipo TIC's.

Estará formado por un/unha coordinador/a TIC's e un/ha coordinador ABALAR, e, no caso de ser posible, por representantes do profesorado de Infantil e Primaria.

6.3.7. Departamento de Orientación

Estará formado por:

- O orientador/a do centro, que será o xefe/a do departamento.
- O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.

- O profesorado especialista en Audición e Linguaxe.
- O coordinador/a de Educación Infantil.
- O coordinadores/as de interniveis.
- O responsable do do CEIP de Tabeaio.

Reunirase como mínimo unha vez ao mes e sempre que se considere necesario.

6.3.8. Equipos docentes de nivel

Formados polo profesorado que imparte docencia a un mesmo grupo de alumnos/as e coordinados polo titor/a. Reuniranse tantas veces se considere necesario.

6.3.9. Titores

Coordinaranse co/a xefe/a de estudos e manterán tanto con este como co orientador/a, as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

As competencias de cada un dos órganos de coordinación docente e a dinámica do seu funcionamento serán as recollidas en:

- Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG 21/10/96)
- Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02/09/97)
- Orde do 28 de xuño de 2010 (DOG 06/07/10)
- Circular 6/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

6.4. O alumnado

A maioría do alumnado do CEIP Vicente Otero Valcárcel, incorpórase en Educación Infantil, pero en 3º de Educación Primaria escolarízase no centro alumnado procedente do centro adscrito, o C.E.I.P. de Tabeaio (Carral).

Nos niveis de 4º, 5º e 6º de primaria, elixírase a figura do delegado de clase. escoitaráselles en asuntos do seu interese e colaborarán na conservación da convivencia escolar.

Reuniranse co/a director/a sempre que se lles convoque.

O reparto dos distintos grupos farase seguindo as pautas establecidas nas NOFC e tendo sempre en conta as suxerencias dos titores ao final do curso anterior a o criterio do Departamento de Orientación.

6.5. O A.N.P.A.

No centro funciona unha asociación de pais e nais de alumnos e alumnas denominada “Ana Lastra López”.

A A.N.P.A., previa petición á Dirección do centro, poderá empregar as instalacións do centro para a realización das actividades que lle son propias.

Participa de diferentes xeitos na vida escolar

Haberá comunicación coa dirección do centro sempre que as circunstancias o requiran.

6.6. O persoal non docente

O cadro do persoal non docente está formado por un conserxe e cinco limpadoras, dependentes todos do Concello; 2 auxiliares técnicos educativos (coidadoras), un cociñeiro e tres auxiliares de cociña, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, máis unha administrativa que depende da Consellería de Facenda.

ANEXOS

Incluiremos neste documento como anexos a seguinte documentación:

ANEXO I: Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

ANEXO II: Proxecto Lingüístico

ANEXO III: Proxecto Lector.

ANEXO IV: Plan de Atención á Diversidade.

ANEXO V: Plan de Convivencia.

ANEXO VI: Plan de Introducción das Tic's.

ANEXO VII: Protocolo de funcionamento do servizo do comedor escolar.